



Eleccións dos membros do Consello Escolar do IES Lamas de Castelo - 2024

ANUNCIO DO SORTEO PÚBLICO PARA A ELECCIÓN DOS MEMBROS DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na Resolución do 10 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, (DOG do 18 de setembro de 2024), realizarase proximamente neste Centro a renovación do **CONSELLO ESCOLAR**, que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- O director ou directora do Centro
- Un profesor ou profesora
- Un pai/nai ou titor/a legal
- Un representante do persoal de administración e servizos
- Un alumno ou alumna

Os catro últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988 (conforme ao establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos). Dito sorteo, que será público e no que se preverá designación de membros suplentes, celebrarase neste Centro o próximo **día 18, venres, ás 11:30 horas**.